
MANUAL DO BO PASEANTE

Texto e ilustracións de RAIMON JUVENTENY

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 16 x 16 cm. 52 páx. 12 €

Manual do bo paseante (galego)

ISBN 978-84-15250-71-5. Faktoría K de Libros.

Manual del buen paseante (castelán)

ISBN 978-84-15250-72-2. Faktoría K de Libros. Pamiela. Pol · Len.

Manual del bon pasejant (catalán)

ISBN 978-84-86469-66-5. Pol-Len Edicions.

Ibilitzaille onaren eskuliburua (euskera)

ISBN 978-84-7681-841-1. Pamiela Etxea.

...“Manual do bo paseante” é unha atinada crítica a esta tendencia correccamiños. É un pequeno e enxeñoso canto ao pracer que proporciona un bo paseo...


[Fragmento do limiar de Carl Honoré: xornalista canadense, autor de “Elogio de la lentitud” e promotor do *slow movement*]

En tan só vinte puntos, expostos de maneira breve e concisa, o “Manual do bo paseante” orienta os lectores sobre os pasos a seguir para gozar dunha actividade saudable: pasear por pracer. Sen présas e sen preocupacións, trátase dun exercicio que require certas destrezas que se foron perdendo a medida que a sociedade se rendía ao estrés, ao poder da tecnoloxía e outros factores que trastornan a relación natural das persoas co seu contorno e co sereno discorrer do tempo.

Un pequeno gran libro para redescubrir o verdadeiramente importante: sorrirlle á vida, observar a natureza, escoitar ao noso redor, activar os cinco sentidos, pensar, repousar... O mérito de Raimon Juventeny radica en ter plasmado de xeito sinxelo e gráfico algo tan aparentemente “difícil” de levar a cabo.

Predominan os tonos ocre e pastel nunha historia que parece ambientada nunha tarde apacible. O autor desenvolve a secuencia do paseo cun enfoque cinematográfico, a base de figuras con pouco volume e trazos difuminados, combinando planos xerais e detalles.

As editoriais Pol · Len Edicions, Pamiela Etxea e Kalandraka Editora colaboraron para facer posible a publicación do “Manual do bo paseante” con criterios de ecoedición, minimizando o seu impacto ambiental.



-
- **Temática:** os pasos a seguir para recuperar o pracer de pasear.
 - **Idade recomendada:** todas as idades.
 - **Aspectos destacables:** filosofía *slow movement*; ecoedición e mochila ecolóxica.
-

Raimon Juventeny

(Barcelona, 1977)

Graduado en Arte e Deseño pola Universidade Autónoma de Barcelona. Completou a súa formación na Escola de Arte Kunsthogskolen i Bergen, en Noruega. Dende 2002 traballou con diversas editoriais e estudos de deseño. Ilustrou varios libros publicados por L'Abadia de Montserrat e La Galera.



www.FAKTORÍA  DE LIBROS.com

comunicacion@faktoriakdelibros.com
